

LABSAÚDE LIVING LABS DE SAÚDE


REDE DE LIVING LABS DE SAÚDE DE GALICIA


ACIS


SERVIZO GALEGO DE SAÚDE


XUNTA DE GALICIA

labsaude.sergas.gal · labsaude@sergas.es

A **innovación aberta** é un compoñente fundamental do Sistema Europeo de innovación, onde todas as partes interesadas deben de participar e crear unha interacción fluída e combinar as ideas dos sistemas de innovación. Baséase no modelo de **Cuádrupla Hélice** onde as administracións públicas, a industria, a academia e a sociedade traballan xuntos para co-crear o futuro e impulsar cambios estruturais máis aló do alcance do que calquera organización ou persoa podería facer só.

A participación dos usuarios no proceso de innovación favorece o desenvolvemento de bens e servizos máis acorde ás súas necesidades. Os **Living Lab** constitúen unha aproximación á innovación aberta impulsada polos usuarios, creando unha contorna para a co-creación e experimentación coa activa participación dos usuarios desde etapas temperás do ciclo de innovación.

Con este obxectivo, o Servizo Galego de Saúde pon en marcha a **Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE)**, comezando a súa andaina a través do **Living Lab de Ourense**. e agora co novo **Living Lab de Vigo situado no Hospital Meixoeiro**. LABSAÚDE xorde como mecanismo facilitador para a creación e posta en marcha de proxectos innovadores nunha contorna no que interactúan múltiples axentes, para dar resposta a necesidades reais detectadas en Sistema de Saúde de Galicia.

MÁIS INFORMACIÓN

[FAQs](#)

[Contacte](#)

Galician Network of Health Living Labs (LABSAÚDE)

CONTIDOS RELACIONADOS

[Innov4life](#)

Rede Europea de Living Labs (ENoLL)

Como participar no Living Lab de Vigo? Proxectos en execución (convocatoria pechada)	>
Living Lab de Vigo	>
Liñas de innovación	>
Servizos do Living Lab	>
I Convocatoria de participación no Living Lab de saúde de Ourense (PECHADA) Proxectos seleccionados (convocatoria pechada)	>

